



'Belén en Galicia'

Non se coñece en qué momento xurdiron os cantos de Nadal, nin os cultos nin os de seiva popular. Neste eido a época esplendorosa da lírica galaico-portuguesa non deixou resto ningún, nin sequera documental. Pero suponse que existiron, pois é lóxico que o pobo non podía estar calado entrementes os trobadores se mostraban tan fecundos. Se os canteiros decoraban as igrexas con tales misterios, as melodías, litúrxicas ou non, tiñan que agromar espontáneas. Para desazo de investigadores o mutismo continúa ata o século XVI.

Subidos á altura do XVII é tal a forza destes cantos que chegan a percorre-la maior parte da Península. E o máis sobresaínte, con letra e acentos galegos, como se loar ó Neno nesta lingua fose unha necesidade, un constitutivo básico. No XIX a Escola lírica galega do Nadal, con formas populares da mellor lei, acada en Mondoñedo, ó lado de Compostela, especial renome, coas figuras de Castro y Neira, Luís Corral e Xacinto Romualdo López. Das catedrais pasan ás parroquias, fenómeno do que quedan probas inequívocas.

Doutra parte cómpre referirse á Escola poética do Seminario. Ata hai ben pouco tódolos poetas e escritores do norte da provincia de Lugo estudaron nas aulas mindonienses. Ex alumnos uns, cregos outros, non puideron substraerse ó enlevo das nadaliñas. Desde o século XVIII o Seminario de Santa Catalina é un liceo de poesía galega, e de versos navideños. Xosé María Chao Ledo, Noriega Varela, Aquilino Iglesia Alvariño, son un exemplo desta pléiade de literatos.

Máis adiante no tempo, que é o noso, anque xa de onte, non pode un por menos de evocar con gozo o quefacer dos colexiais de Santa Catalina. Nos outros seminarios o dinamismo é similar. Son as décadas de 1940 e 1950, coas aulas ateigadas de alumnos. Tempos de penurias en tantos campos, entre eles o da lingua. A pesar de todo, profesores, superiores e estudantes multiplican as actividades extraescolares, creando academias, grupos de teatro, corais e veladas, co que non fan senón elevar niveis culturais.

Unha destas academias, a Catequística, a da cidade do Masma, distinguíuse polo seu esforzo en fomentar o uso do galego nas actuacións dos catecismos parroquiais, levando ós seus compoñentes a reunir material e incluso a produci-lo. Deste afán naceu o primeiro libro que se publicou en Galicia dedicado todo el ó Nadal e escrito no idioma propio do país. Titúlase *Belén en Galicia* e leva por subtítulo: versos infantís e populares que se recitan na costa norte de Galicia ante o Nacemento. Saíu do prelo en Madrid o ano 1956, unhas semanas, poucas, antes de Noiteboa. Subscríbese co anagrama de Benipaz, que esconde ós dous responsables, Benigno López e Xosé María Paz, ambos sacerdotes por aquel entón na Diocese. Ten 126 páxinas e o contido repártese en monólogos e diálogos, especialmente dispostos para seren recitados por nenos e mozos. Non figuran autores, anque os hai de Lago González, de Barcia Caballero ou dos clásicos mindonienses. Outros son recollidos por diversas parroquias e hainos feitos por seminaristas e por cregos.

‘Belén en Galicia’

(Vén da páxina 11)

Beni e Paz, que nese intre estaban, o primeiro de párroco de Piñeiro, en Cedeira, e o segundo en Madrid, preparándose para exercer-lo apostolado en América, mandaron un exemplar a todas as parroquias, no que inserían unha carta expresando a súa satisfacción por facer chegar un volume de versos galegos, “que non pretende ser máis ca unha copia en limpo das loanzas que ó Divino Neno se lle tributan no tenro idioma do lar galaico”. Engadían o seu degoro de que a fala, a da paisanaxe, se transformase nun xermolo máis da terriña, florecendo tamén para o altar de Deus.

Non sei se eran conscientes de que acababan de editar un libro único na súa clase. Galicia, tan rica en literatura popular do Nadal, non posuía, nin sequera, unha escolma na que se puidese atopar-lo mellor de canto as xentes do común cantaron e os eruditos teceron coa súa lira. Mondoñedo ocupaba un posto de relevo en tan elevado mester. Certo é que polas mesmas datas aparecía, da pluma poética de Cipriano Torre Enciso, o poemario galego *Panxoliñas*, belamente escrito e ricamente ilustrado. Son dúas obras ben distintas e ambas abondo esperadas, simultáneas a efectos cronolóxicos. Mentres non se diga outra cousa, nós consideramos anterior, anque sexa en poucos días, a de Mondoñedo.

O libro tamén chegou á Terra Chá, e por aludir a un sitio, a San Pedro de Begonte, onde estaba de párroco o sempre recordado, e máis neste currunch, don Xosé Domínguez Guizán. Non sei o que lle dirían as súas páxinas. Recordamos suxerentes da actividade seminarística en torno a celebracións tan entrañables. Leríao con emoción e serviríalle, como non, para avivar realidades e proxectos, entre os que sobresaie con luz propia o celebrado belén de Begonte. Lembranzas que acoden fervorosas en honra súa e de cantos o axudaron.